



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O REXISTRO ELECTRÓNICO XERAL DE APODERAMENTOS DE GALICIA E O REXISTRO AUTONÓMICO DE PERSOAS TITULARES DE DETERMINADOS ÓRGANOS OU CARGOS

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro Electrónico Xeral de apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas regula no seu artigo 6 os rexistros electrónicos de apoderamentos e, en concreto establece no seu artigo 6.1. que a Administración xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, disporán dun rexistro electrónico xeral de apoderamentos no que deberán inscribirse, polo menos, os de carácter xeral outorgados apud acta, presencial ou electrónicamente, por quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo a favor dun representante para actuar no seu nome ante as Administracións Públicas.

No ámbito autonómico, a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, crea no seu artigo 40, o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, *no cal deberán ser inscritos, polo menos, os de carácter xeral outorgados apud acta, de forma presencial nas oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia por quen teña a condición de interesado ou interesada nun procedemento administrativo a favor dunha persoa representante, para actuar no seu nome perante as administracións públicas.* 2. O Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia será plenamente interoperable nos termos do artigo 6.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





A continuación, no artigo 119 da mesma Lei, establécese entre os sistemas dixitais que terán a consideración de utilización obrigatoria para as entidades do sector público autonómico, entre outros, o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia,

Por outra banda, o artigo 41 sinala o seguinte: *1. Coa finalidade de simplificar o trámite relativo á acreditación da representación, créase un rexistro autonómico no que constarán as persoas titulares de determinados órganos ou cargos. 2. Nos procedementos administrativos que se tramiten perante o sector público autonómico en que estas persoas, na condición de titulares de tales órganos ou cargos, actúen, conforme a normativa aplicable, en representación dunha entidade, a dita representación poderase aboar a través da acreditación da súa inscrición neste rexistro. Para estes efectos, o órgano competente para a tramitación do procedemento deberá incorporar ao expediente administrativo o documento electrónico que acredite o resultado da consulta ao dito rexistro. (...) 4. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de inscrición e de baixa no rexistro, así como as súas condicións de funcionamento, e deberá garantirse a súa permanente actualización.*

Finalmente, a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, recolle no seu artigo 2 o dereito da cidadanía a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia. A continuación, no artigo 6, define a atención á cidadanía como o conxunto de medios que o sector público autonómico pon a disposición dos cidadáns e cidadás para lles facilitar o exercicio dos seus dereitos, o cumprimento das súas obrigas e o acceso aos servizos públicos.

2. Necesidade, acerto e oportunidade

O presente decreto responde así á necesidade de establecer, dentro do marco normativo e competencial referenciado, a creación e a posta en funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral de apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

3.- Contido

Con respecto á súa estrutura, o proxecto consta de vinte e dous artigos, cinco disposicións adicionais, tres disposicións derradeiras e cinco anexos.

No capítulo I, denominado disposicións xerais, consta o obxecto do decreto, o seu ámbito de aplicación e a competencia.





O capítulo II, denominado Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, consta de trece artigos, que regulan as diferentes tipoloxías de poderes susceptibles de inscrición, o acceso ao Rexistro, o contido dos asentos, procedemento de inscrición e a vixencia dos poderes outorgados, validez e consulta.

No capítulo III do decreto, denominado Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos, que consta de seis artigos, regúlase o rexistro autonómico no que constarán as persoas titulares de determinados órganos ou cargos, cumprindo desta forma co establecido no artigo 41.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Esta regulación ten como finalidade simplificar o trámite relativo á acreditación das persoas inscritas, na súa condición de titulares de tales órganos ou cargos. O articulado deste capítulo regula as persoas e cargos inscribibles, o contido dos asentos, as formas de inscrición, a actualización dos asentos e a consulta e dispoñibilidade da información.

Mediante disposición adicional regúlase a adhesión de distintos órganos, administracións e entidades ao Rexistro Electrónico Xeral de poderes de Galicia e ao Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos, a interoperabilidade dos rexistros, a actualización de modelos normalizados, a protección de datos persoais e a interoperabilidade co Rexistro Xeral de Contratistas.

As disposicións derradeiras regulan a adaptación técnica dos sistemas electrónicos da Xunta de Galicia ao Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, establecen a habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor.

4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Certificado trámite de consulta pública previa do 29/07/2020
- Designación polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das entidades participantes na elaboración e da entidade impulsora, do 30/07/2020
- Acordo de inicio do 30/01/2020
- Memoria xustificativa do 29/07/2020 e memoria xustificativa actualizada do 01/02/2021





- Memoria económica - financeira do 29/07/2020
- Táboa de vixencias do 29/07/2020
- Informe do Servizo de Apoio Técnico do 30/07/2020
- Aprobación inicial do 30/07/2020
- Certificado de publicación no Portal de Transparencia e goberno aberto polo período do 03/08/2020 a 24/08/2020, sen que se recibiran alegacións
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade do 07/08/2020 e memoria do 30/01/2021 xustificativa do tratamento dado ás súas observacións
- Informe da Axencia Tributaria de Galicia do 16/10/2020
- Memoria da Amtega xustificativa de non concorrencia de feito imponible para o establecemento de taxa do 20/10/2020
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 24/10/2020
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 02/09/2020
- Memoria do 01/02/2021 de realización do trámite de audiencia e de non ter recibido alegacións
- Informe da Asesoría Xurídica do 20/01/2021 e memoria xustificativa da Amtega, de 02/02/2021, do tratamento dado ás súas observacións.

En virtude do exposto, emítese o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

